

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**4172** *Real decreto 198/2010, do 26 de febreiro, polo que se adaptan determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico ao disposto na Lei 25/2009, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, incorporou parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en diante a Directiva. Esta lei vén consolidar os principios regulatorios compatibles coas liberdades básicas de establecemento e de libre prestación de servizos, e ao mesmo tempo permite suprimir as barreiras e reducir as trabas que restrinxen inxustificadamente o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En particular, a dita lei pon énfase en que os instrumentos de intervención das administracións públicas neste sector deben ser analizados pormenorizadamente e ser conformes cos principios de non-discriminación, de xustificación por razóns imperiosas de interese xeral e de proporcionalidade para atender esas razóns. Por outro lado, esixe que se simplifiquen os procedementos, evitando dilacións innecesarias e reducindo as cargas administrativas aos prestadores de servizos. Adicionalmente, refórzanse as garantías dos consumidores e usuarios dos servizos, ao obrigar os prestadores de servizos a actuar con transparencia tanto respecto á información que deben prover coma en materia de reclamacións.

Para alcanzar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio faise necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio, para adecuala aos principios que a dita lei establece. Neste contexto, o obxectivo da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, adapta a normativa estatal de rango legal ao disposto na mencionada Lei 17/2009, do 23 de novembro. En concreto, o título III da Lei 25/2009, do 22 de decembro, é o relativo aos sectores enerxéticos, e recolle no seu artigo 18 a modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Así mesmo, o capítulo I do título II da citada Lei 25/2009, do 22 de decembro, recolle no seu artigo 11 a modificación da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.

O desenvolvemento das modificacións da Lei 3/1985, do 18 de marzo, realizouse a través da adaptación do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Tendo en conta que o Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, se promulgou de xeito coordinado coa Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e as súas disposicións de desenvolvemento, resulta necesaria a súa modificación co fin de adaptalo aos novos requirimentos que desde o punto de vista metrolóxico se estableceron.

O presente real decreto ten como obxecto desenvolver os preceptos da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modificados pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, co fin de adaptar a normativa existente aos novos requirimentos previstos na devandita norma.

O contido do real decreto que se aproba foi sometido a informe da Comisión Nacional de Enerxía e, a través do seu Comité Consultivo de Electricidade, obxecto do preceptivo trámite de audiencia. Así mesmo, conta co informe da Comisión Nacional da Competencia e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real Decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.*

Modifícase o artigo 16.9, parágrafo segundo, do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, nos seguintes termos:

«A reparación será efectuada por un reparador que cumpra os requisitos indicados no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida. Unha vez reparado, o equipamento de medida someterase á verificación despois de reparación ou modificación por un verificador de medidas eléctricas ou, se non for posible, someterase á primeira verificación sistemática simultaneamente coa súa instalación na rede.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.*

O artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, modifícase nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Requisitos dos suxeitos do mercado de produción.*

Para poder participar como suxeito do mercado de produción, os suxeitos a que se refire o número 1 do artigo 3 deberán cumprir as seguintes condicións de acordo coa súa natureza:

a) Ser titular de instalacións validamente inscritas no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica, estar inscrito no Rexistro Administrativo de Distribuidores, ou ter realizado a comunicación de inicio de actividade de comercializadores e consumidores directos en mercado, segundo corresponda, ou acreditar a calidade de representante dalgún dos suxeitos anteriores a través dos medios previstos no artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A inscrición no Rexistro será solicitada polos titulares de autorizacións á Administración concedente desta. No caso de que a autorización tivese sido outorgada por unha comunidade autónoma, esta dará traslado, no prazo máximo dun mes, da copia da autorización e da solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co fin de que se proceda a formalizar a súa inscrición no rexistro que corresponda. Formalizada a inscrición remitirase certificación desta ao interesado e á comunidade autónoma.

A comunicación de inicio de actividade será realizada polos comercializadores e consumidores directos en mercado nos termos previstos no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Os representantes deberán acreditar a súa condición a través dos medios previstos no artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, especificando se o representante actúa en nome e por conta allea ou se actúa en nome propio pero por conta allea.

b) Prestar ao operador do sistema garantía suficiente para dar cobertura ás obrigas económicas que poidan derivar da súa actuación e cumprir os requisitos

establecidos nos procedementos de operación relativos ao proceso de cobramentos e pagamentos.

Os suxeitos obrigados a intervir no mercado de produción de enerxía eléctrica non poderán participar no devandito mercado sen a prestación das debidas garantías.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 71 queda redactado como segue:

«2. As empresas comercializadoras, ademais das obrigas que lles corresponden en relación coa subministración no artigo 45.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a comunicación de inicio de actividade ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co modelo establecido no número 6.1 do anexo deste real decreto.

b) Manterse no cumprimento das condicións de capacidade legal, técnica e económica que se determinen para actuar como comercializadoras.

c) Para poder adquirir enerxía eléctrica co fin de subministrar aos seus clientes, deberán presentar ao operador do sistema, ao operador do mercado e ás empresas distribuidoras, as garantías que resulten exixibles.

d) Presentar ante os distribuidores, cando contraten o acceso ás súas redes en nome dos consumidores cualificados, os depósitos de garantía correspondentes aos devanditos accesos de acordo co establecido neste real decreto.

e) Comprobar que os seus clientes cumpran os requisitos establecidos para os consumidores cualificados e manter unha listaxe detallada destes onde figuren os seus datos de consumo e, no caso de que contraten o acceso co distribuidor en nome dos seus clientes, de facturación das tarifas de acceso. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán inspeccionar o cumprimento dos requisitos dos consumidores.

f) Comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Administración competente a información que se determine sobre tarifas de acceso ou peaxes, prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables aos consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.»

Dous. O artigo 72 queda redactado como segue:

«Artigo 72. *Comunicación de inicio da actividade de comercialización.*

1. A comunicación de inicio da actividade de comercialización, que especificará o ámbito territorial en que se vaia desenvolver a actividade, corresponde realizala ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O interesado presentaraa a este órgano directivo acompañada da declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade que se establecen no artigo seguinte, de acordo co modelo establecido no número 6.2 do anexo deste real decreto.

Así mesmo, cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma, deberá comunicarse ao órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente, o cal,

no prazo máximo dun mes, dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio acompañada da declaración responsable e da documentación presentada polo interesado.

2. En todo caso, poderalle ser solicitada ao interesado a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa por parte da sociedade.

3. Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos incluídos na comunicación de inicio de actividade ou na declaración responsable orixinaria, ou autorización no caso de comercializadores exentos da obriga de comunicación de inicio de actividade sobre a base do disposto no número 1 da disposición adicional segunda da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, deberá ser comunicado polo interesado no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, achegando a correspondente declaración responsable.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da comunicación realizada polo interesado á Comisión Nacional de Enerxía, a cal publicará na súa páxina web e manterá actualizada, cunha periodicidade polo menos mensual, unha listaxe que inclúa todos os comercializadores, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única deste real decreto.»

Tres. O artigo 73 queda redactado como segue:

«Artigo 73. *Requisitos necesarios para realizar a actividade de comercialización.*

1. Para acreditaren a súa capacidade legal, as empresas que realizan a actividade de comercialización deberán ser sociedades mercantís debidamente inscritas no rexistro correspondente ou equivalente no seu país de orixe, en cuxo obxecto social se acredite a súa capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica sen que existan limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

Así mesmo, aquelas empresas con sede en España deberán acreditar nos seus estatutos o cumprimento das exixencias de separación de actividades e de contas establecidas nos artigos 14 e 20 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. No caso de empresas doutros países, a acreditación de cumprimento dos requisitos de separación de actividades e contas entenderase referida ás actividades que desenvolvan no ámbito do sistema eléctrico español.

2. As empresas que teñan por obxecto realizar a actividade de comercialización, para acreditaren a súa capacidade técnica deberán cumprir os requisitos exixidos aos suxeitos compradores no mercado de produción de enerxía eléctrica conforme os procedementos de operación técnica e, de ser o caso, as regras de funcionamento e liquidación do mercado de produción.

3. Para acreditaren a capacidade económica, as empresas que queiran exercer a actividade de comercialización deberán presentar ante o operador do sistema e ante o operador do mercado as garantías que resulten exixibles para a adquisición de enerxía no mercado de produción de electricidade nos procedementos de operación técnica e nas correspondentes regras de funcionamento e liquidación do mercado, respectivamente.

4. Antes de realizar a súa comunicación de inicio de actividade á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o interesado deberá cumprir os requisitos establecidos nos números 2 e 3 ante o operador do sistema e, de ser o caso, ante o operador de mercado.»

Catro. O artigo 74 queda redactado como segue:

«Artigo 74. *Extinción da habilitación para actuar como comercializador.*

Se no prazo dun ano, contado desde a data de comunicación de inicio da actividade de comercialización, a empresa non tiver feito uso efectivo e real desta

exercendo a actividade de comercialización e, por tanto, non tiver adquirido enerxía no mercado de produción ou se tal uso tiver sido suspendido durante un prazo ininterrompido dun ano, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas declarará a extinción da habilitación para actuar como comercializador, e notificarállelo ao interesado, á Comisión Nacional de Enerxía, que procederá a dar de baixa a empresa na correspondente listaxe, e, de ser o caso, á Administración competente. Para estes efectos o operador do sistema e, de ser o caso, o operador do mercado deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as empresas comercializadoras en que se dea tal circunstancia.»

Cinco. A denominación do capítulo II queda redactada como segue:

«Consumidores directos en mercado»

Seis. O artigo 75 queda redactado como segue:

«Artigo 75. *Consumidores directos en mercado.*

Terán a consideración de consumidores directos en mercado por punto de subministración ou instalación aqueles consumidores de enerxía eléctrica que adquieran enerxía eléctrica directamente no mercado de produción para o seu propio consumo, e que deberán cumprir as condicións previstas no artigo 4.b) do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.»

Sete. O artigo 76 queda redactado como segue:

«Artigo 76. *Punto de subministración e instalación.*

Para os efectos da consideración de consumidor directo en mercado as instalacións destes consumidores deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Que o seu titular sexa unha única persoa física ou xurídica.
- b) Que os centros ou unidades que constitúan a instalación estean unidos por liñas eléctricas propias.
- c) Que a enerxía eléctrica se destine ao seu propio uso.

Os requisitos anteriores resultarán igualmente de aplicación aos restantes consumidores de enerxía eléctrica para os efectos do contrato de acceso.

Así mesmo, os puntos de subministración destes consumidores deberán reunir os requisitos a e c do parágrafo anterior.»

Oito. O artigo 78 queda redactado como segue:

«Artigo 78. *Condición de consumidor directo en mercado.*

1. A comunicación de inicio da actividade de consumidor directo en mercado corresponde realizala ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co modelo establecido no número 6.3 do anexo deste real decreto. Esta dará traslado da comunicación realizada polo interesado á Comisión Nacional de Enerxía, e esta última procederá a publicar na súa páxina web e manter actualizada, con periodicidade polo menos trimestral, unha listaxe que inclúa todos os consumidores directos en mercado, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única deste real decreto.

2. A comunicación de inicio de actividade deberá ir acompañada da declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio da actividade, de acordo co modelo establecido no número 6.4 do anexo deste real decreto.

3. Os requisitos necesarios para actuar como consumidor directo en mercado son os establecidos no artigo 4 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.»

Nove. O número 7 do artigo 79 queda redactado como segue:

«7. A empresa distribuidora poderá exixir, no momento da contratación do acceso ás redes, a entrega dun depósito de garantía ben directamente aos consumidores ben aos comercializadores, no caso de que estes contraten o acceso en nome do consumidor, de acordo co seguinte:

a) No caso de empresas comercializadoras con máis dun ano de exercicio da actividade de comercialización, o depósito de garantía será o obtido de dividir a contía percibida anualmente por cada cliente polo seu contrato de acceso entre 365, e multiplicalo así mesmo polo número de días do período de liquidación do contrato de acceso, que como máximo será igual a 30 días.

b) No caso de empresas comercializadoras con menos dun ano de exercicio da actividade de comercialización, o depósito de garantía para consumidores en baixa tensión será un importe igual á facturación teórica mensual correspondente a cincuenta horas de utilización da potencia contratada. Para consumidores en alta tensión, o depósito de garantía será un importe igual á facturación teórica mensual correspondente a considerar unha utilización dun 40% da potencia contratada.

Anualmente procederase á actualización dos depósitos de garantía.

No caso en que non se esixa o depósito nun ámbito xeográfico determinado e categoría de consumidores determinada esta exención deberá ser publicada e comunicada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. En calquera outro caso, a exención non poderá ser discriminatoria entre consumidores de similares características, debendo ser comunicadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O depósito considerase adscrito ao consumidor como titular do contrato e non poderá ser exixido unha vez transcorridos seis meses desde a primeira formalización deste.

A devolución do depósito de garantía, que se realizará sempre ao consumidor con independencia de que este contratase o acceso directamente ou a través do comercializador, será automática á resolución formal do contrato, e a empresa distribuidora quedará autorizada a aplicar a parte correspondente do mencionado depósito ao saldo das cantidades pendentes de pagamento unha vez resolto o contrato.»

Dez. O número 6.1 do anexo queda redactado como segue:

«6.1 Modelo de comunicación de inicio de actividade de empresa comercializadora.

## COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE

D.ª/D..... maior de idade, con documento nacional de identidade número....., en nome e representación de....., con CIF....., domicilio social en..... e domicilio para os efectos de notificacións en....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, comunica a [órgano ante o cal se presenta] o inicio da actividade de comercialización de enerxía eléctrica, que se desenvolverá no ámbito territorial de....., para cuxos efectos presenta declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio daquela.

En..... o..... de..... de.....

Sinatura»



Once. O número 6.2 do anexo queda redactado como segue:

«6.2 Modelo de declaración responsable de empresa comercializadora.

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D.<sup>a</sup>/D....., maior de idade, con documento nacional de identidade número....., en nome e representación de....., con domicilio social en..... e CIF.....

Declaro baixo a miña responsabilidade, para os efectos da comunicación de inicio da actividade de comercialización, que a dita sociedade cumpre os requisitos necesarios para o exercicio da citada actividade exixidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular:

a) Ser sociedades mercantís debidamente inscritas no rexistro correspondente ou equivalente no seu país de orixe, e contar cun obxecto social que acredita a capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica sen limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

No caso de empresas con sede en España: o cumprimento nos estatutos das exixencias de separación de actividades e de contas establecidas nos artigos 14 e 20 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

No caso de empresas doutros países: cumprimento dos requisitos de separación de actividades e contas das actividades desenvolvidas no ámbito do sistema eléctrico español.

b) Cumprir cos requisitos exixidos aos suxeitos compradores no mercado de produción de enerxía eléctrica conforme os procedementos de operación técnica e, de ser o caso, as regras de funcionamento e liquidación do mercado de produción.

c) Ter presentado ante o operador do sistema e ante o operador do mercado as garantías que resultan exixibles para a adquisición de enerxía no mercado de produción de electricidade nos procedementos de operación técnica e nas correspondentes regras de funcionamento e liquidación do mercado, respectivamente.

Así mesmo, manifesto que dispoño da documentación que acredita o cumprimento dos citados requisitos, e que me comprometo a mantelos durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade de comercialización e a notificar os feitos que supoñan unha modificación deles, asumindo as responsabilidades legais en caso de incumprimento, falsidade ou omisión.

En..... o..... de..... de.....

Sinatura»

Doce. Engádesse un novo número 6.3 ao anexo, coa seguinte redacción:

«6.3 Modelo de comunicación de inicio de actividade de consumidor directo en mercado.

### COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE

D.<sup>a</sup>/D....., maior de idade, con documento nacional de identidade número....., en nome e representación de....., con CIF....., domicilio social en..... e domicilio para os efectos de notificacións en....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, comunica a [órgano ante o cal se presenta] o inicio da actividade de consumidor directo en mercado, para cuxos efectos presenta declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio desta.

En..... o..... de..... de.....

Sinatura»

Trece. Engádesse un novo número 6.4 ao anexo, coa seguinte redacción:

«6.4 Modelo de declaración responsable de consumidor directo en mercado.

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D.<sup>ª</sup>/D....., maior de idade, con documento nacional de identidade número....., en nome e representación de....., con domicilio social en..... e CIF.....

Declaro baixo a miña responsabilidade, para os efectos da comunicación de inicio da actividade de consumidor directo en mercado, que a devandita sociedade cumpre os requisitos necesarios para o exercicio da citada actividade exixidos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular:

a) Ter prestado ao operador do sistema garantía suficiente para dar cobertura ás obrigas económicas que poidan derivar da actuación da sociedade e cumprir os requisitos establecidos nos procedementos de operación relativos ao proceso de cobramentos e pagamentos.

b) En caso de participar no mercado diario e intradiario de produción de enerxía eléctrica: ter a condición de axente de mercado despois de subscribir o contrato de adhesión ás regras e condicións de funcionamento e liquidación do mercado de produción e ter presentado as garantías que correspondan ante o operador do mercado.

Así mesmo, manifesto que dispoño da documentación que acredita o cumprimento dos citados requisitos, e que me comprometo a mantelos durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade de comercialización e a notificar os feitos que supoñan unha modificación deles, asumindo as responsabilidades legais en caso de incumprimento, falsidade ou omisión.

En..... o..... de..... de.....

Sinatura»

**Artigo cuarto.** *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

O Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«1. A condición de instalación de produción acollida ao réxime especial será outorgada pola Administración competente para a súa autorización no momento da inscrición previa no Rexistro administrativo de instalacións de produción en réxime especial. Os titulares ou explotadores das instalacións que pretendan acollerse a este réxime deberán solicitar ante a Administración competente a súa inclusión nunha das categorías, grupo e, de ser o caso, subgrupo a que se refire o artigo 2.»

Dous. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 11, que quedan redactados como segue:

«1. A solicitude de inscrición previa dirixirase ao órgano correspondente da comunidade autónoma competente ou, de ser o caso, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

No caso das instalacións para cuxa autorización sexa competente a Administración xeral do Estado, a solicitude será presentada polo titular da instalación ou por quen o represente, entendendo por tales o propietario, arrendatario,



concesionario hidráulico ou titular de calquera outro dereito que o vincule coa explotación dunha instalación.

Cando resulte competente, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas deberá resolver sobre a solicitude de inscrición previa nun prazo máximo dun mes.

2. A solicitude de inscrición previa irá acompañada, polo menos, da acta de posta en servizo provisional para probas, o contrato técnico coa empresa distribuidora ou, de ser o caso, contrato técnico de acceso á rede de transporte, a que se refire o artigo 16 deste real decreto. Adicionalmente, esta solicitude deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos requisitos a que se refire o artigo 6, así como dunha memoria resumo da entidade peticionaria que deberá conter:

- a) Nome ou razón social e domicilio do petionario.
- b) Capital social e accionistas con participación superior ao cinco por cento, se é o caso, e participación destes. Relación de empresas filiais en que o titular teña participación maioritaria.
- c) As condicións de eficiencia enerxética, técnicas e de seguridade da instalación para a cal se solicita a inclusión no réxime especial.
- d) Relación doutras instalacións acollidas ao réxime especial das que sexa titular.
- e) Copia do balance e conta de resultados correspondente ao último exercicio fiscal.

Cando os documentos exixidos aos interesados xa estiveren en poder de calquera órgano da Administración actuante, o solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, se emitiu.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, debidamente xustificada no expediente, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

O procedemento de tramitación da solicitude axustarase ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 14, que queda como segue:

«1. A inscrición definitiva da instalación no Rexistro administrativo de instalacións de produción en réxime especial será requisito necesario para a aplicación á dita instalación do réxime económico regulado neste real decreto, con efectos desde o primeiro día do mes seguinte á data da acta de posta en marcha definitiva da instalación.

En calquera caso, a partir do citado primeiro día serán aplicables, de ser o caso, os complementos e custos por desvíos previstos no devandito réxime económico. Así mesmo, cando a opción de venda elixida for a do artigo 24.1.b, aplicarase desde o dito primeiro día, e ata que se acceda ao mercado, a retribución resultante do artigo 24.1.a, cos seus complementos e custos por desvíos asociados.»

**Disposición transitoria primeira.** *Incorporación automática de suxeitos inscritos nas seccións segunda e terceira do anterior Rexistro de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores directos en mercado ás listaxes que deberá publicar a Comisión Nacional de Enerxía.*

Os comercializadores e consumidores directos en mercado que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, estiveren inscritos no correspondente rexistro

administrativo e se encontraren exentos da obriga de comunicación de inicio de actividade sobre a base do disposto no número 1 da disposición adicional segunda da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, serán incorporados ás listaxes de comercializadores e consumidores directos en mercado publicadas pola Comisión Nacional de Enerxía de acordo coas obrigas, requisitos e prazos establecidos polo presente real decreto.

**Disposición transitoria segunda.** *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto serán tramitados e resoltos segundo a normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

3. Os comercializadores e consumidores directos en mercado autorizados previamente á entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a súa actividade en todo o territorio español.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e en particular:

1. O artigo 21 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

2. Os artigos 77, 188, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198 e 199 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

3. Os artigos 7 e 8 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Rexistro de Distribuidores.*

As referencias ao Rexistro de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores directos en mercado contidas nas disposicións relativas ao sector eléctrico de igual ou inferior rango normativo, entenderanse feitas ao Rexistro de Distribuidores.

**Disposición derradeira terceira.** *Aplicación.*

1. Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a ditar as disposicións precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas de desenvolvemento e execución da lexislación básica do Estado.

2. O órgano competente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adaptará os sistemas informáticos do dito departamento ministerial ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira cuarta.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN